



Especialidades de
CAFE

Irlandés
Jamaicano
Vienes
Gallego
Capuchino
Shake
Barraquito
Caribeño
Cremosito
Cubano

VINOS

Reserva y Crianza

Rioja
Rueda
Penedés
Ribera del Duero



Rúa Nova de Arriba, 93 BELUSO

Colaboran:

caixanova



CONCELLO DE BUEU



Organiza

Asociación Moz@s de Beluso

R/Chan de Piñeiro, 49 36937-Beluso-BUEU (Pontevedra)

Tel: 986321389 Móbil: 696874392 Móbil: 656532582

<http://www.mozasemozos.es.vg> e-mail: mozasemozos@iespana.es

Carpintería Naval

NESTOR S.L.

Pol. Industrial de Castiñeiras S/N
A PORTELA 36930 BUEU
TFNO.- 986 32 3222 FAX.- 986 32 34 60

Saúdo

A *Asociación Moz@s de Beluso* conformámola un grupo de xente nova que alá polo mes de Xullo de 1997 decidimos xuntarnos na Casa do Povo para falar das nosas inquietudes e de posibles proxectos para dinamizar a vida cultural do noso povo e, en especial, dos mozos (aínda que a nosa oferta de actos exténdese a todas as idades). Con este fin, decidimos constituírnos como asociación e quedamos todos os sábados no noso lugar de reunión onde, ademáis de pasar un bo rato, programamos os actos que pretendemos organizar. Nestes cinco anos organizamos diversas exposicións (entre as que cabe salientar unha *exposición etnográfica* e a *exposición fotográfica "Beluso no recordo. 100 anos en fotografía"*), xornadas de xogos tradicionais cos rapaces do colexio de Beluso, actuacións de paiasos, concertos e festivais, concursos de postais navideñas... pero, sobre todo, centramos os nosos esforzos na recuperación da tradicional *Festa dos Mozos de Beluso*, sendo o seu éxito o que nos animou a dar un pasiño cara adiante.

Este ano cúmprese o noso *quinto aniversario* e para celebralo quixemos organizar todo un ano cultural plagado de actos que xa comezou en Novembro do ano pasado con recitais poéticos, concertos e festivais e que continuou este ano con actuacións de cantautores, cunha exposición de cadros e esculturas; e continuará cun campionato de videoconsolas PlayStation, un concurso-exhibición de papaventos e moitos outros actos. Sen embargo, o plato forte deste ano cultural é a celebración do *Festival A Noite do Trasno*, motivo polo que editamos este libro.

O Festival celebráremolo en *Udra o 9 e 10 de Agosto* e serán dous días de actividades ininterrompidas nos que haberá diversos talleres onde todo o mundo poderá aprender da experiencia dos demáis, xogos tradicionais cos que esperamos que a xente disfrute e, sobre todo, música e concertos de grupos que comezan a facerse un oco importante no panorama musical, todo isto aderezado coa posibilidade de acampar no lugar (o que, de seguro, animará o ambiente da festa).


GUTIERREZ. CB
CERRAJERÍA
Pazos Fonteira, 112-baixo Bueu
Telf 986 32 22 19 - 986 32 18 95


GARAJE TALLER
RAMAL DOS GALOS
Ramón Bares, 2
Telf 986 32 35 53 /
986 32 35 58
Bueu

MERCERÍA
CHIQUILLOS
valenciá, puntillas,
medias, botones,
ropa de bebé, lencería
Alexandre Bóbeda, 10
Bueu

Sinceramente, confiamos en que estos dous días de festa teñan gran éxito tanto de afluencia como de divertimento, para poder así organizar sucesivas edicións que conviryan a *A Noite do Trasnó* nun festival coñecido e de referencia na Galiza que reúna en Beluso a un gran número de personas todos os agostos dos vindeiros anos.

Só nos queda dicir que ao longo destes anos foron moitos os mozos (e non tan mozos) que nos botaron unha man en todo o que fixemos. A todos eles queremos agradecerlles todo o que fixeron por nós (ou mellor dito, por Beluso) e queremos adicarlles este novo proxecto. E ... especialmente a **Bea**. *Este festival vai por ela, xa que é a única maneira que temos de amosarlle a nosa admiración polas ganas que sempre tiña de traballar, polo impetu que sempre poñía en facer cousas novas, polos bos momentos que nos fixo pasar a todos e, sobre todo, polo boa amiga que era. A ti Bea, vai adicado este festival xa que, aínda que non estás connosco, nós levámoste sempre no noso recordo e no noso corazón.*

Por último, unicamente nos resta convidaros a todos a que o 9 e o 10 de Agosto esteades todos en Udra como anos atrás estivestes na Rúa Nova para disfrutar destes dous días de troula.

Un saúdo e até o próximo ano.

Asociación Moz@s de Beluso

LIBRERÍA

LIBROS DE TEXTO ARTÍCULOS DE REGALO
REVISTAS BONOLOTO
PRENSA PRIMITIVA
ENCADERNACIÓNS QUINIOLA

Anguián

Montemogos, 157 - telf 986 32 07 15 - Bueu



ASESORÍA
SAFRE

C/ Castelao, 32 - Bajo
Telf. y Fax: 32 41 89
36930 - BUEU

Monólogo do Anoitecer

Estas negriñas augas da miña terra canta poesía levan escrita no seu doce danzar, acompasado pola lene caricia ó vento dos verdes pinos... ¡Ai! E ese cantar das melancólicas voceciñas que brotan como frol en primaveira, do arrecendente chan a orballo. E esas siluetas que acariñan o ceo, que mulleres deitadas a contar estrelas semellan... Mítica sensación na realidade...

Doce posía debuxada no ar desta miña nostálxica terra... Gaivotas de pedra sobrevoan o mar de prata, entre as taciturnas estrelas, como brancos e fugaces lóstregos... Eu quero se-la poetisa que en versos resuelva o teu enigma. Ti, laio de chuvia esculpido no meu esvaecido ser. Ti, miña nai... Ti, Galiza. ¡Ai, como rosa branca nesta terra, ficarei chantada ate morreres! Porque alonxarme non podo...

Eu non son poeta, eu son o intérprete do vento e debuxante da escuridade, eu son o soño que todo o mundo esqueceu, eu non son máis que rosa branca desta terra.

Bágoas da emigrante que xamáis fun...

Patri



TANDY

BELUSO

GRUPO FROIZ

Telf 986 32 32 35

Os *Moz@s de Beluso* queremos compartir con todos unha serie de contos, cantigas, parodias, etc., recollidas aquí en Beluso, que nalgunha época se escenificaron (1940-1960) ou foron transmitidas oralmente, ou escoitadas aos nosos maiores.

Pretendemos que ese legado cultural transmitido de xeneración en xeneración non quede no olvido, e animalos a colaborar mandándonos todo o relacionado con esta cultura popular para recopilar a maior cantidade de información posible sobre o noso pasado histórico.

Poden poñerse en contacto con nós en:

Correo electrónico: mozasemozos@icspana.es

Enderezo: Chan de Piñeiro, 49
36937 Beluso Bueu Pontevedra
Teléfono: 696 874 392

SOLIÑO
droguería
perfumería
Telf 986 32 02 21 - Beluso

TALLERES FERMAR
Rúa Nova, 101
telf 986 32 21 08 - Beluso



reparación
general del
automóvil

MERCERÍA CARMiÑA
confeción y regalo
Rúa Nova, 116
Tfno 986 32 11 58
Beluso Bueu

KIOSK MANOLIT



GOMINOLAS, HELADOS, REFRESCOS Y MUCHAS MÁS DULCES SORPRESAS EN EL PASEO DE RAMÓN BARÉS BUEU

Parodia

Viva a parodia, lío, lío, la
Viva a parodia, lío, lío, la
Viño na canaca leré xa non ha, non ha
Xa non ha, non ha, xa non torna haber
Xa non ha, non ha, xa non torna haber.
Diñeiro na cibrería leré, para volver a encher
Para volver a encher que ela está vacía
Pra volver a encher que ela está vacía
Viño na canaca leré, é nosa alegría
É nosa alegría, é nosa tristeza
É nosa alegría, é nosa tristeza
Viño na canaca leré, para enriba da mesa
Para enriba da mesa, para enriba do banco
Para enriba da mesa, para enriba do banco
Se non hai do tinto leré, déitelle do branco
Déitelle do branco, tápeo con saia
Déitelle do branco, tápeo con saia
E se non hai do branco leré, anque sea CAÑA



Café - Bar
ARUME
Te ofrecemos desayunos especiales
c/ Eduardo Vico, 4 Bajo 36930 BUEU
Telf 986 323 544 Pontevedra



AUTOBUSES Cerqueiro S.L.
parque empresarial de castiñas
A PORTELA 36930 BUEU
Telf 986 32 02 54
Fax 986 32 28 92 Bueu



TINTORERÍA
LAVANDERÍA
HITECH
C/ Montero Ríos, 199
Telf 986 32 30 62
Banda do Río
BUEU
Mendez Nuñez, 2
CANGAS

CORPBISO S.L.
AREA DE SERVICIO



Meroil

SABARIGO - CELA - BUEU
TELF 986 32 41 38 FAX 986 32 43 71

O pioloso e o mocos

Estaban dous compañeiros: un, *o pioloso*, que non se deixaba de rascar por todas as partes; e outro, *o mocos*, que non paraba de sorber os mocos e limpalos ás mangas.

Esa tarde estaban no *Alto* e miraron que un barco se acercaba á Illa de Ons e ía pasar por diante dela.

- *Imos facer unha aposta a ver si eu aganto sin rascarme e ti sin sonar os mocos o tempo que o barco tarde en pasar dun extremo ao outro da Illa*, dixo o pioloso.

- *Vale, imos alá!*, contestou o mocos.

E puséronse os dous coa mirada fixa alá ao lonxe no barco, de pé, intentando esquecerse un do que picaban os piollos e o outro dos mocos que cada vez invadían máis a parte superior do beizo e xa lle chegaban a boca.


Pasaron así un bo cacho, sen falar, e cada un esforzándose en gañar a aposta. O mocos sen que o outro se dera conta, de vez en cando aínda botaba a puntia da lingua e iba así agantando o tipo, pero xa chegado un momento, aínda o barco iba pola metade do tramo acordado, o pioloso non agantando máis dixo:

- *Xa non aganto máis!, dáme igual por onde vaia o barco.*

E comezou a rascarse, rascarse, como se niso se lle fose a vida.

E o mocos, que xa tiña toda a boca empapada en mocos di:

- *Pois a min tanto me dá que o barco vaia para acá (e fixo un ademán para un lado, pasando o dedo índice da man dereita por debaixo do nariz, limpando parte dos mocos), como que vaia para alá (pasando igualmente o dedo índice da outra man en sentido contrario ao de antes, limpando así o resto dos mocos que lle caían).*



Tfno.- 986 880 281 / fax: 986 890 294 / Mogor,8 / 36911 Marín Pontevedra

Caghallos Mondes

“O seguinte conto entra dentro dese carácter propio da xente galega de “anticiparse” co seu pensamento aos acontecementos, e nos mostra tamén o idioma empregado pola xente do campo e o utilizado polos que se creían superiores.”

Estaban María e Ramón na finca do Barreiriño e miraron que cara eles viña un home todo traxeado.

- *Mira Ramón*, di María. *Venche aí un home que anda tomando alturas (observando os terreos para compralos), e vaime preghuntar “Canto mide esto de terreno?” e voulle decir “Dende este cano ata este medio”, logho dirame “Canto leva de sembradura?” e respondereille “Tres cestos destes”, logho quererá saber “Que altura ten o regho?” pois... “Dende este cano ata este nudo” e como quererá saber “que camiño coller para ir para Bueu” direille “por aquela costa arriba”.*

Mentres María matinaba nas preguntas e respostas, o señor foise achegando e parouse, efectivamente, onde eles estaban, e saúda:

- *Buenos días, buen labrador.*

- *Dende este couto ata aquí señor*, respóndelle María que nin atendeu ao saúdo.

- *Caghallos Mondes, como respondes!*, di o señor.

- *Tres cestos destes*, segue María respondendo según calculara as preguntas.

- *Que se los metan a usted por el culo*, contesta o señor.

- *Dende este cano ata este nudo*, di María seguindo sen escoitar ao señor.

- *Al infierno vaya usted a parar con semejante manera de hablar*, di o señor xa farto das respostas de María.

- *Por aquela costa arriba, señor*, remata María.

Café - Bar
EL PESCADOR
Tapas variadas
Pescados de la Ría
Vino Ribeiro y Albariño
Tinta Femia
Allonso Castela, 6 Telf. 986 32 42 69 - Bueu

Angela
DECORACIÓN CORTINAS
HOGAR TAPICERÍAS
LISTAS DE BODA
Montero Ríos, 57- Telf 986 32 00 17- Bueu



**Padín
Joyeros**
PAZOS FONTENLA, 23 - Telf. 986 320 757 BUEU

Aventuras de Juan Pieres.

“Esta parodia mostra o afán dun rapaz chamado Juan Pérez por transmitir que xa progresou, que xa é alguén: unha das manifestacións é que xa falas o idioma dos ricos, dos que triunfan, o castelán (incluso chega a traducir o apelido); idioma que se creía fundamental naquela época (principios-mediados s. XX) para ser alguén na vida.”

Señores y señoras, frades y lejos, ghuardias, munisipales, carabineros, alghuaciles, peldaños, sueghras y sueghros: si no hay quien se apresente, yo me apresento. Me titulo Juan Pieres. Estoy soltiero, tengo 26 años y fui ranchero en el cuarto del seghundo de un regimiento. Estoy retirado mas sin retiro díghanme ustedes que he de hacer yo. No tengo casa monte ni prado, cabra ni touro vaca ni boi, no se si hacerme ghuardia de asalto, peón, caminero o recaudador, si venda churros o si me case que apuros estos me valgha Dios! Mas si vinieran pronto elesiones, eso sería mi salvación. Porque me iría de pueblo en pueblo, echando cursos que harían furor, pidiendo a ghritos pan y justicia, vino y tabaco, ghallo y lacón. Mas si no vienen las elesiones, díghanme ustedes que he de hacer yo. En las aldeas, en los lugares, baho un carbagho, frente un balcón, yo llegaría, llegase a todos el recio tono de esta mi voz. Yo loghraría que mis doctrinas oyesen todos sin esepsión, doctrinas santas, puras y nobles, que hay quien combate con gran tesón por no entenderlas como le pasa hasta la madre que me parió. En fin, veremos si hay elesiones, de lo contrario, perdido estoy.

Anoche me deité cedo porque no tenía prata para chimpar un cuartijo en la taberna del Chancas, que es a donde van mis amigos: Manolo, el hijo de Politaina, Marcelino de Fuchicas, Andrés de Pata Jallarda, Farruco de la Sestosa y Marcos Papapescadas. Deiteime pues, y pensando que las noches son tan largas, chimpé encima de la cama libros, preódicos revistas y borradores de cartas,alcontrando entre ellas una que tenía muchísima ghrasia. Voy a copiar unos trozos para ver si les agrada. La carta escomenzaba así:

SERVICIO OFICIAL



**TALLERES
BUEU**

Pazos Fontenla, 82 BUEU
Tel y Fax 32 24 95 (Pontevedra)



H. SANTOS
PELUQUERÍA
Y
BELLEZA

CASTELAO, 8 TELE. 986 321 534 - BUEU
DARÍO DURÁN, 16 TEL. 986 237 025 -VIGO



P. Fiorentina
PASTELERÍAS

Especialidad
Tartas de hojaldre y nata

Pazos Fontenla, 77 Tel 986 32 20 12 BUEU
Pazos Fontenla, 42 Tel 986 32 03 81 BUEU


“ Encarnación de mi ialma. Tengo tan ghrande pesar desde que degué mi casa, que se ma fai cada día lo menos una semana. Me dirás como se alcuentran las personas de tu casa, tus padres y tus hermanos, las ghallinas y la vaca, pues antes de yo me vir, lémbrome que coxeaba. Me dirás tamén que tal la colleita se prepara de vino y millo este año, pues xa tengo muchas ghanas de comer bica del fuerno y echar un tragho en tu casa. Si tuvieras tres pesetas o medio de repañarlas Encarnación de mi vida, branca paloma sin alas, mucho te agradecería cuanto antes las mandarás porque aunque son tan pillo, hay por aquí cada maula, que a veces non tomo pan en tres e en catro semanas. El día que tu me veas, te juro prenda adorada que no me vas comprender ni entender una fala, porque tengo tal asiento que no hay en toda España quien domine como yo el castejano, muchacha, tanto es así que los cabos y los sargentos, cuando están todos en cama me dicen: “A ver Pieres, asorreja un chiste, anda.” Entonces yo para contentarlos largo cuatro chistadas y ellos se morren de risa y hasta traban en las sábanas.

No te canso, mas dispón para canto te de la gana, deste militar que te adora, ¡pois fanme moitísima falta!”

Despedida

Hoy parece que el demonio quiere tomarme el cabello. Me siento junto a la mesa, destapo luego el tintero y boto mano a la pluma para escribir por lo menos media ducia de cuartijas en castejano y jallejo y zas! Me viene un dolor tan jrande por todo el cuerpo escomenzando en las rodillas y acabando en el cerebro, que no me deja escribir siquiera un mal pensamiento. Válgame Dios que apreturas, que fatijas y tormentos tienen que pasar nel mundo los hombres de ghran talento. Más valiera ser abade, jovernador, ingeniero, juez de paz o alghuacil de cualquiera Ajuntamiento que estar siempre peleando con la pluma y el tintero. Si a mi me pillara un tren cuando me metí en esto de revistas y periódicos más me luciría el cabello. Porque no tenía que andar a piñas con el cerebro para discurrir un conto, cuatro chistes y dos versos, porque a ver como yo salgho del apuro en

A CENTOLEIRA RESTAURANTE
CENTENARIO



Casa fundada en 1884. Visitenos en www.acentoleira.com
Información e reservas: Tfno e fax 986 32 34 81 E-mail acentoleira@jazzfree.com
Peche anual por descanso de mediados outubro a mediados de novembro

PRAIA DE BELUSO, 27
BUEU 36.937 PONTEVEDRA

que me encuentro como escribo las cuartijas que tengo que lanzar al pueblo si hoy mi cabeza discurre inda menos que un puchero en donde hacen el engrudo, con perdón los zapateros. Nada, nada voy a buscar un oficio de mucho más rendimiento que me permita alghuna vez comer siquiera gorelos, vestir una ghabardina, llevar nel bolsillo un peso y decirle a una muchacha de aspecto rubio o moreno cuatro ingeniosos piropos respieto del casamiento, pues esto de las cuartijas no sirve por lo que veo, más que para pasar fame y andar cheo de remiendos.

Berra Xoán con Carolina

Xoán: Vamos a ver Carolina, porque estas enogada. Dime que te aflige carabel de mi ventana, lus de mi ogos, prinsesa, noite de lúa moi clara, ramalletiño de malvas, gurelo frito, paloma, regatón de mi paraguas. A ver, dime, porque sufres, porque lloras, que te pasa, mujer celestial sublime que tienes más arrogancia y más saliero que una princesa polaca, que una princesa de oriente, de oriente de Traghamala. Que pasa, dímelo pronto porque me partes el alma.

Carolina: Ti ben sabes o que teño, escuso de decirche nada. Que facías onte á noite xunta o Muíño da Raña falando con Xosefina?

Xoán: Pues... lo que me dio la ghana. Yo puedo charlar con tú, con Josefina y con Juana y con la que me convienga que a ti non te importa nada.

Carolina: Está ben voume pra dentro.

Xoán: Ti estás aquí y te aghuantas.

Carolina: Mi padre, venga depresa.

Xoán: Por qué ha de vir, que che falta?

Carolina: Chamo por el porque quero, que en min hoxe nadie manda.

Xoán: Si mujer, es porque tendes máis de tres o catro casas, unas cubertas con tega y otras cubertas con paga. Es que tienes un padre con mucho gando a la ganancia, uno que no es del y otro que poco le falta. Y es porque tienes un tío con fama de mucha prata y eso que pidió el dinero para reghresar a España. E aínda que así no fuera, no tienes lo suficiente alghuna cosa te falta: son dos buenos bronquinazos en esa puerca desa cara... Aí te va el primero, toma!... Ai te va el segundo, aghuanta!

As Tafoleteiras

Había un matrimonio que tiña catro fillas casadeiras, ás que lle costaba casar porque falaban moi mal. Un día a nai decideu xuntar aos catro pretendientes das súas fillas e decidir por ela mesma que mozo casar con cada unha delas, avisándoas previamente que non saíran da cociña mentras ela facía o trato cos mozos.

Cando a nai se atopaba na sala cos mozos saíu unha das fillas correndo da cociña gritando:

- *Mamá, mamá! O pote flebe.*

Detrás saíu outra decíndolle:

- *Bótalle a culefre.*

A terceira, detrás das anteriores, continuou:

- *Non che dixo mamá que non tafoletaras?*

E rematou a última das mozas decindo diante do asombro dos mozos:

- *Tafoleaches ti, tafolei eu e tafoleamos todos*

PANADERÍA A'BICHA

horno de leña, especialidad en bollos, roscones y empanadas

BANDA DO RÍO, 57 TELF 986 32 04 10
DESPACHO: MONTEIRO RÍOS, 143 BUEU

Popelin
TELAS

LIQUIDACIÓN
POR REFORMAS

Confección de cortinas

Alexandre Bóbeda, 25
Telf 986 32 25 94 Bueu

Gemma Cestay

Artículos para regalo
Artesanía
Alumbre
Bisutería
Cosas, etc.

Teléfono 986 32 04 38
Montero Ríos, 157
BUEU - Pontevedra

Andrea

Moda Mujer

TEIJDOS PARA FIESTAS
FANTASÍA EN TELAS
ENCAJES Y SEDAS

c/ A.R. Castela, 12 36930
Telf. 986 322 505 BUEU

CLÍNICA PEDIÁTRICA

Dr. P.A. Castellanos Galvis
Consulta previa cita

CONTROLES DE SALUD
VACUNACIONES
ALERGIAS RESPIRATORIAS

Pazos Fontenla, 37 1º B.
T fno 986 32 05 07 BUEU

DISCO BAR AS DEQUÍA

c/ pazos fontenla
BUEU

Restaurante

"O Chouzo"

c/ Banda del Río, 59 Bueu - Pontevedra
Tfno 986 32 12 26

SANEAMIENTOS CALDAS, S.L.

- Saneamientos
- Materiales de Construcción
- Transportes

Rúa A Pedra, 3 - Pc - Av/ Pazos Fontenla, 72 - 1º C
Tel y fax 32 07 50 - Tel.32 06 22
BUEU - (Pontevedra)

PANADERÍA O'ROMANO

Panadeiros artesáns dende 1914

Pazos Fontenla, 32 Bajo Tfno 986 322 429
Valado, 1 Tfno 986 320 153 BUEU

AUTO-ESCUELA BUEU

AUTORIZADA PARA: LCC A-1 A B C D E

Bar COYOTE

ZONA PERIFÉRICA
BANDA DO RÍO

Anécdotas

“Estas son anécdotas que pasaron en Beluso e contadas sen ganas de ofender a ningún, polo que se cambiaron os nomes reais”

O susto

Alá polos finais do século XIX, había un home en Beluso que tiña moitas bolsas e saquetas de ouro e moitos terreos, era moi rico.

Como había moitas ghabillas de ladróns tiña contratado un señor para que vixiara as súas pertenzas e terras que posuía, e vixiaba con un pequeno cañón dende un ventanuco no portal.

Este gardián era un fanfarrón, fardaba de que non lle tiña medo a nada.

Dous veciños se xuntaron para gastarlle unha broma e asustalo. Vestíronse cubertos cunha sábana branca e arrastrando cadeas, de modo que parecían fantasmas.

Colocáronse un ao lado do portal que gardaba o vixiante e outro na punta do camiño (un pouco máis lonxe) e o primeiro comezou a dar berros como un alma en pena. O que estaba na punta do camiño chamouno a gritos e preguntoulle con voz de ultratumba:

- Por quen penas, vida mía?

Desde o lado do portal contestoulle o outro:

- Veño a buscar ao gardián, para levalo para a outra vida.

Contan que o gardián quedou tan *acojonado* que botou a correr e arriou o cañón e o posto de garda.

O chocolate

En tempos da II Guerra Mundial, dous patrulleros franceses que se refuxiaban na ría, saíron a patrullar e foron acosados por un submarino alemán. Na escapada un dos patrulleros embarrancou na Illa de Onza.

Os habitantes dos arredores aproveitaron para recoller de todo o que puideron. Entre o que recolleron un veciño colleu unha caixa de chocolate. Ao darse conta de que o chocolate estaba mollado, non se lle ocorreu nada mellor que metelo a secar no forno do pan.

Podédevos imaxinar o que pasou. Coa calor, o chocolate derretiuse e comezou a saír pola porta do forno.

O Ferro

Un barco guardacostas da armada de Marín embarrancou nos baixos da Illa de Onza, na Serriña. Os veciños fóronse apropiando de todo o que puideron do barco: cobre, bronce, ferro...

Xa en xuízo, cando a armada lle pideo explicacións de cómo é que eles tiñan o ferro e demais materiais do barco, algún veciño dixo que eles non colleran nada do barco, “O ferro atopámolo aboiado”.

 <p>BUEU OPTICA ÓPTICOS OPTOMETRISTAS</p> <p>Pazos Fontenla, 51 Telf 986 390 002 Telf-fax 986 322 067 e-mail: eblanco@cnoo.es</p>	 <p>EB EUGENIO BLANCO ÓPTICOS OPTOMETRISTAS</p> <p>Eduardo Vincenti, 6 Tel. 986 32 08 67</p> <p>36930 BUEU Pontevedra</p>
--	---



GIMNASIO VIDA

• AERÓBIC • ELECTROMUSCULACIÓN
• GIMNASIA DE MANTENIMIENTO
• MUSCULACIÓN • TAEKWONDO
• MASAJES • FITNESS

Xoán Carballeira, 10
telf 986 32 20 08 - Bueu

Tus libros en



MIRANDA
TU LIBRERÍA EN EL CENTRO DE BUEU

femies@terra.es

Pazos Fontenla, 35 Telf 986 32 05 04



Juan Villar
PELUQUERO

Ramal dos Galos, 9
telf 986 3



**ternera
cordero
cerdo**

*J. Antonio Nieto Moreira
Encarna Iglesias Cádiz*



Tfno. Casa 986 323 495
Tfno, Carnicería 986 322 463
Tfno Móvil: 619 294 135


**COMPRA Y VENTA
DE GANADO**

BELUSO-BUEU-PONTEVEDRA

Quempallou

- folc tradicional -

“Entre o Morrazo e a montaña brava do Incio xurdiu este festeiro grupo, mestura enxebre dacabalo entre gaiteirada feliz e cantiga de escarnio; entre foliadiña de baiúca e festa rachada de festival; entre cancionero e composición; entre acordes bonitos e arranxos directos. Así, por medio de xotas e muiñeiras e vales e polcas e que sei eu, van enfiando **Quempallou** as súas actuacións, para que absolutamente ninguén dos presentes diexe de sentir ese formiguillo incontible nos pés e ese profundo próido no peito que nos fai ceibar un aturuxo e botarnos a bailar un agarradiño coma tolos, ou un solto como podemos. Iso é **Quempallou**, a festa galega coa calidade que requiren os tempos, sen nos esquecer de nada, nin de ninguén”.



Logo xa de case tres anos tocando por todo o país galego (*II Festa Folc de Vilarinho*, -O Hío, Cangas do Morrazo-; *Festa do Marisco do Grove*; Festival “*O Galego nas Ondas*”, en Compostela...); boa parte do portugués (*I Xuntanza de Gaiteiros de Pinhal Novo*; *II Festival de Música Tradicional de Macedo de Cavaleiros* ...); e algunha incursión por Asturias (acadaron o II posto no *II Concurso de Música Folk Cuartu los Val.les* o pasado verán en Navelgas, Tinéu), **Quempallou** anda agora por Galiza adiante presentando o seu primeiro traballo discográfico, de homónimo título, resultado do seu triunfo no *II Certame para*

Grupos Folk Noveis organizado por Radio Obradoiro e celebrado en Compostela en Xaneiro do pasado ano 2001.

Animádevos e gozade da nosa música con **Quempallou**, unha festa en cada concerto. *A beillaaaaaar!!!!*

Digna Ferradanes Piñeiro

FARMACIA

Rúa Nova (edificio Fisa)- Telf 986 32 08 50 - Beluso




FERRETERÍA
BRION

MATERIAL ELÉCTRICO
FONTANERÍA
HERRAMIENTAS PARA
LA CONSTRUCCIÓN

Rúa Nova Ae Arriba, 10 - Telf 986 32 23 42 - Beluso



Forman a tropa Quempallou:



-**Roi Maceda:**

Acordeón, coros.

-**Guillermo Ignacio:**

Gaita, frutas, percusións, voz.

-**Álex Torresquesana:**

Buzuki, piano, coros.

-**Guillermo Lamosa:**

Guitarra acústica, gaita.

-**Bernardo Pena:**


Tamboril, percusións, coros.

-**Anxo Novas:**

Percusións, coros.

-**Xosé Maceda:**

Boombo, percusións, coros.



ASESORÍA FISCAL - CONTABLE - LABORAL
JURÍDICA - ADMINISTRATIVA

ASESORÍA CABODEVILA

SEGUROS GENERALES: **VITALICIO - AEGON**

BARCOS - VIVIENDAS - PLANES DE PENSIONES
AUTOS, COMERCIO Y OFICINAS - EMPRESA - TRANSPORTES
SEGUROS DECENALES - RENOVACIÓN PERMISO DE CIRCULACIÓN

Montero Ríos, 99 Galerías
Telf 32 32 65 - 36930 Bueu

Venres 9 de Agosto

22.30 Concerto

Quempallou (Bueu/Incio) - Folc tradicional evolucionado

Violia (Moaña) - Folc

Ecléctica Ensemble (Santiago) - Experimento vocal e de percusión

Radio Raheem (Barcelona) - Música Mestiza

24.00 Gran Queimada

Presenta - Xurso Souto (colaborador da TVG e ex-Diplomático)

Sábado 10 de Agosto

11.00 Xogos

12.00 - 13.00 / 16.00 - 18.00 Talleres *(coiro, cestería, instrumentos tradicionais)*

18.00 Animación de Rúa de "Os sete magníficos mais un"
(Clown)

21.00 Actuación de O MAGO TETO

22.30 Concerto

Soak (Bueu) - Punk-Rock

Alberto Bundi e a Turma Angologalega (Vigo) - música afro-galega

Río Bravo (Alemaña) - Rock

Super Skunk (Madrid) - CrossOver

Presentan - Isi & David *(Aspirantes ao título do Rei da Comedia, TVG)*

Durante o Festival teremos unha Concentración Mototurística coa colaboración de Bar Biker's



A NOITE DO TRASNO

CABO UDRÁ BELISO [BUEU]

VENRES 9 DE AGOSTO
22.30 Noite de concertos con:
QUEMPALLOU (Bueu/Incio)
VIOLIA (Moaña)
ECLÉCTICA ENSEMBLE (Santiago)
RADIO RAHEEM (Barcelona)
 Presenta Xurso Souto (colaborador da TVG e ex-Diplomático)
24.00 Gran queimada

SÁBADO 10 DE AGOSTO
11.00 Xogos
 Talleres: 12.00 a 13.00/16.00 a 18.00
18.00 Animación de rúa (Clown)
"OS SETE MAGNÍFICOS MAIS UN"
21.00 Actuación do Mago Teto
22.30 Noite e concertos con:
SOAK (Bueu)
ALBERTO BUNDI E A TURMA ANGOLOGALEGA (Vigo)
RÍO BRAVO (Alemaña)
SUPER SKUNK (Madrid)
 Presentan Isi & David (aspirantes ó título do Rei da Comedia, TVG)

Entrada libre e zona de cámping gratuita. Colabora coa organización, consuncións a prezos asequibles

organiza:

patrocina:

colaboran:

PASARIN
 SEGUROS Y PRESTACIONES FUNEBRES

Alianza Española S.A. DE SEGUROS

Xoán Cabaleiro, 10
 Telf 986 32 09 98 / 32 03 71 Fax 32 09 98 BUEU

LOGAR
 MUEBLES Y COCINAS

FINANCIAMOS SU COMPRA EN DOCE MESES SIN INTERESES

DISEÑO DE COCINAS
 MUEBLES TODOS LOS ESTILOS
 ARMARIOS EMPOTRADOS

Garantía 6 años

Av. de Cangas, 10 BUEU-Pontevedra
 Tel. 986 320 044 FAX 986 320 088

MANUEL TORRES
 ELEGRODOMESTICOS

C/ Francisco Escaneo, 10
 Tfnº: 986 322 814
 Bueu-Pontevedra

Violia

- música folc -



Grupo procedente de Moaña (O Morrazo) que xorde no ano 1993 como un grupo que intenta establecer vínculos entre a tradición musical da Galiza e as maneiras de entende-la música dos seus diferentes membros. Esto da como resultado un conxunto de temas arreglados en común e que posúen a uniformidade da "sonoridade Viola" pero que, ademais, amosan distintos matices que fan percibir a quen os escoita ben particularidades da música dalgunha zona da Galiza ben o xeito de compoñer dos diferentes membros do grupo.

Finalmente, quixeramos reseñar que as actuacións de *Violia* destacan, ademais de pola calidade interpretativa dos seus instrumentistas, polo bo humor que enche o escenario e ó público. Unha actuación de *Violia* é unha invitación permanente a pasalo ben, cómo non, coa música.

Actuacións salientables:

1995: Festival Intercéltico do Morrazo (Moaña).

1997: Homenaxe ó Gaiteiro (Vigo).

Diversas actuacións na TVG presentando o seu primeiro CD.

AGROMANOLO

- piensos
- pollos
- cereales
- canarios
- semillas
- etc..

c/ A.R. Castelaio, 11 - BUEU
☎ 986 32 31 59

discoteca

CALAS

En Buen

En Cangas

CAFÉ-COCTAIL

COCOLOCO

COMERCIO

Stylo

Rúa Nova de Arriba, 111 - BELUSO
Tel. 986 32 07 22



a molinera

TABERNA TÍPICA

c/ Alexandre Bóveda Tfno. 986 32 25 82

Montero Rios, 4
CANGAS

Concepción Arenal, 54
MOAÑA

Mercaroupa

E. Vincenti, 1-15
BUEU

1998: Festival de Occidente (Tapia de Casariego, Asturias).

Festival "Herba e son" (Liméns).

1999: Festival de Occidente (Tapia de Casariego, Asturias).

Festival Internacional de Évora (Portugal)

Foliada de Lalín.

Xira por Arnueiro, Castañeda e Torrelavega (Cantabria).

"Andanças" (Carvalhais, San Pedro do Sul, Portugal).

2000: Festival Internacional de Ordino (Andorra).

"Le Grand Bal de l'Europe" (Gennetines, Francia).

"Dantz'hadi" (Basussarri, País Vasco Francés).

2001: Nou Barris (Barcelona).

2002: Xira polos estados de New York e New Jersey (EUA).

Violia son:

- Iván Costa: gaita e zanfona;

- Pablo Torneiro: acordeón;

- Manoel Muxico: gaita e saxo;

- Miguel Souto: percusións e voz;

- Berto Costas: percusións e voz;

- Sergio Cobos: percusións, voz e animación.

CAFE-BAR
AREACOVA
Praia de Areacova
Aldán

Alfredo
García Castro
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
ALMACEN Y EXPOSICIÓN
Ramón Bares 72 BUEU Telf. 986 324 290

MOTO
SPORT
TLF. 986 32 27 14
Ramón Bares 40 BUEU
Móvil 616 872 051

Eclética Ensamble

- experimentación vocal e de percusión -

Eclética é un proxecto experimental de voz e percusión.

Eclética é gozar coa música e a alegría do cantar.

Eclética é aleatoria e azarosa.

Emprega a improvisación como arma para conseguir a magia da música entre os 4 compoñentes. Por iso nengunha actuación é igual. Emprega percusión tradicional e quer colocar as pandeiras galegas no lugar que se merecen: no mundo.

Eclética reelabora música de raiz galega con elementos contemporáneos con só 4 voces e 4 percusións.

Eclética son:

- **Richard Rivera** historiador e amante do folclore con o que esculpe os seus fraseos, refráns e contos dentro da música. Bon coñecedor das lingua romances, canta en gascón, bretón e occitano linguas achegadas ao seu lugar de origen. Unha das voces masculinas mais personais do panorama musical galego.

- **Davide Salvado**, é mestre de pandeireta no Conservatorio Folque de Lalín e unha das claras promesas da voz masculina galega porque con a súa técnica e gusto creou un estilo muito propio de entender o canto galego. El é o responsábel da estética e coreografía eclética.

- **Ramom Pinheiro "Chito"**, historiador e músico bon coñecedor da documentación musical galega polo seu traballo a publicar "Historia da Música galega grabada" Fundação Meendinho & Boa Music. Anteriormente compoñente do grupo Chouteira foi tamén

GRANICAST
ENCIMERAS
PELDAÑOS
LAPIDAS
FACHADAS Y
PANTEONES
Alto da Portela - PARQUE EMPRESARIAL
deCASTIÑEIRAS - BUEU
Tfno 986 323 426
* 670 251 76 * 670 251 768

CASA
MACILLOS
FUNDADA 1958
Saralegui, 24 Tel. 986 30 05 17
CANGAS

FISOTERAPEUTA
Vicenta Cebreiro Calviño
Montero Ríos, 51 (Galerías)
Tel.- 986 32 33 06 BUEU

CARNICERÍA
CHARCUTERÍA
CARLOS
Especialidad en:
carnes de ternera,
cordero y cerdo
Carretera da Igrexa, 112 - telf 986 32 05 32 - Beluso

Vinoteca
CEPA
Montero Ríos, 173
36930 BUEU Tfno 986 32 00 09
www.bueuocio.com

productor musical do disco de Henrique Otero "O gaiteiro do Fragoso". En eclética é o percusionista de maos precisas e responsábel dos efectos sonoros vocais.

- **Uxia Pedreira**, actualmente Directora do Conservatorio Folque de Lalín e profesora de canto nel e anteriormente voz do grupo Chouteira con quen grabou tres discos (Folla de Lata 2000. Boa Music foi o último). Cantadora, compositora e letrista fundou o grupo Marful e colaborou con Xenreira, Nen@s da Revolta, Cempés, Nación Reixa e no espectáculo Son Delas xunto a Uxia, Mercedes Peón, Susana Seivane etc. Uxia pon tamén a súa voz e teatralidade en Eclética.

Eclética está presentando este verán o seu espectáculo na Galería Sargadelos Compostela, Centro de Arte Contemporanea Compostela, Conservatorio Folque de Lalín, Asociación Peleiriños de Sarria, A auriense en Ourense, Festa do Orgullo Gay en Compostela.

ELECTICA ENSAMBLE
MUSI 4 POL 4 SUPREMACIA ESTETICA
almudias@hotmail.com Tf 616186374 620195500

CONSTRUCCIONS
Antón-Bueu
Pousada, 9 - CELA
Móvil 639 98 23 12 36939 BUEU (Pontevedra)

CENTRO MÉDICO
PSICOTECNICO
POLICLÍNICO
BUEU
PAZOS FONTENLA 37 - 4º TFNO. 986 32 06 50

intecal
CALEFACCIÓN S.L.
Instaladores Autorizados
CALEFACCIÓN
FONTANERÍA
ELECTRICIDADE
GAS
Montero Ríos, 153 Tfno/Fax 986 32 00 29
e-mail: intecal@eresmas.com
36.930 BUEU

SUPERMERCADO
O CRUCEIRO
AUTOSERVICIO
Rosa, 8
Tfno 986 321 684
Beluso

Radio Raheem

- música mestiza -



Grupo chegado de Barcelona que presenta o seu segundo disco "La casa del putxineli". Nel conseguen recrear o ambiente conseguido nos seus directo aproveitando, ao mesmo tempo, as posibilidades que ofrece o traballar nun estudio de calidade.

Son trece persoas no escenario, trece persoas que proveñen de diferentes ambientes e con gustos musicais moi variados, o que aporta unha variedade e riqueza dificilmente clasificable. Musicalmente os seus temas continúan a liña iniciada no seu anterior traballo ("Guaguancó Barna Party"), cancións variadas sobre bases latinas e rockeras, moi abertas, que teñen como nexo de unión, entre outras cousas, a diversión e que eles mesmos bautizaron fai xa algún tempo como "Chancha". Deste modo nun mesmo disco atopamos rock duro, reggae, ska, bases pregrabadas e unha amplísima instrumentación, destacando a incorporación á

DEPORTES

aurSport

TEXTIL Y COMPLEMENTO

C/ Pazos Fontela, 81 BUEU
Tfno-fax 986 32 24 01 PONTEVEDRA

ELECTRODOMESTICOS

F & LIÑO

c/ A.R. Castelao. - Telf Fax 986 32 00 03

New Age

Centro de estudios y traducciones

Xoan Carballera 16 - 2D
Tfno 986 32 40 01 BUEU
Móvil 65 75 85 703 PONTEVEDRA

BURAQUIÑO

ALDÁN

986 32 91 88

A BOLERA

O REAL -TEL 986 312 613

MOAÑA

banda de Marta Grifell (teclados), ao que hai que unir as voces dos tres cantantes, a cabalo do hip hop e do raggamuffin moitas veces, pero con estribillos que colaboran tamén con ese nexo de unión do que falabamos.

O directo é unha das bazas importantes desta formación que desprende unha enerxía explosiva desde o escenario, con tres cantantes que non paran pequenas coreografías da sección de ventos e moita, moita alegría. Entre as súas actuación máis destacables atopamos as realizadas xunto a **Radio Bemba** en "La Paloma" de Barcelona, a súa partición no BAM 2.000 de Barcelona, a de "El Gorrino de San Antón Festival" (Villamalea, Albacete), a da "Festa de Revollución" (Cayón, Cantabria), as das festas dos barrios de Sants e Gracia (Barcelona) ou as realizadas nas festas maiores de poboacións como Zarautz, Exmua, Capellades, Sallent ou Sort.



ESTABLECIMIENTOS

DAVILA

desde 1938

Rúa Nova de riba, 68 Beluso-Bueu
Tel. 986 32 41 76 **Tel/FAX 986 32 09 48

TARABELA


Infantil e Juvenil


C/ Pazos Fontela, 45
986 32 32 77

36930 Bueu
Pontevedra

Zapatería

PUB PUNTO ; COMA CANGAS

CAFETERÍA

PYRAMIS
 C/ CASTELAO BUEU



SOAK
 - punk rock -

Este grupo archiconocido por todos, levan xa dende o ano 1989 no panorama da música galega, aínda que os seus comezos fixéronos baixo o nome de KAOS. A finais da década dos 90 cambian o nome polo de **SOAK** (*Somos AKratas; Somos Os Anteriores Kaos; Somos Orgullosos Ata Kagando*). A razón deste cambio de nome non é outro que evitar confusións, xa que moitos grupos adoptaron o nome de Kaos.

Con base sónica no punk rock corrosivo, recollido o legado de Os Raiados e retomando parte dos influxos do rock vasco rama anarkista este

grupo, que fuxe de etiquetas, denominándose a si mesmos "*Deskarga Furtiva*" predica unha mensaxe antisistema que proclaman con orgullo: "*Somos antipolíticos, antipolicías e anticlero. Só estamos a favor da liberdade*".

No transcurso destes máis de dez anos, o grupo sufriu constantes renovacións, sendo as máis importantes as que sufriu no 1996-1997, estando o grupo parado até principios do 1998, ano no que apareceu Katxo de Bueu e actuaron nun concerto do **Rebolo Rock**. Este concerto ía ser unha despedida, pero a xente disfrutou tanto que eles decidiron seguir molestando.

CARPINTERÍA DE ALUMINIO CRISTALERÍA
VILLANUEVA
 Vilar - Beluso Tfno 986 32 10 49


 Eirado do Costal, 9 CANGAS
 C/ Gorgullón Zona estación autobuses Pontevedra
O CAIXÓN DE QUINI TE ESPERO


No 1992 gravaron un Maxi con catro temas: "*O albañil*", "*Celibato*", "*Militares*" e "*El engaño de vivir*". No 1995 colaboraron no recopilatorio "*Unión Bravú*" con "*Galiza Morta*". A pesar deste disco, eles nunca se consideraron bravús.

Durante a súa traxectoria compartiron escenario con grupos como *Skacha, Reincidentes, Oxymoron, K.G.Ben., La Polla, Def con Dos e Diplomáticos de Montealto entre outros; e foron o único grupo galego seleccionado para gravar un tributo a Eskorbuto, co seu tema "Eskupe a la bandera". Tamén fixeron disfrutar á xente de toda Galiza percorrendo unha longuísima lista de festivais, moitos deles concertos solidarios pola Okupación, Insubmisión, polos mariñeiros ou o povo saharauí.*

Actualmente, forman **SOAK**:

- **Suso**: Voz.
- **Xan**: Baixo.
- **Berto**: Guitarra.
- **Markos**: Batería.

SOAK, punk rock contra toda autoridade Morrazo Furtivo.




ROUPA INFANTIL E XUVENIL
 AVDA. MONTERO RÍOS, 113 BUEU

Isabel
 -COLCHAS
 -ARTÍCULOS PARA EL HOGAR
 -CONFECÓN DE ESTORES
 -CORTINAS
 -COJINES
 Montero Ríos, 183
 Telf 986 32 31 33
 36930 Bueu


MANO DE PAÑO
 Rua L. Montero Ríos, 59
 Tfno. 637 558 500
 BUEU

Materiales de construcción
 pintura y azulejos
DELIPOGAR, S.L.
 Tfno. 986 34 37
 Beluso - Bueu - Pontevedra

deportes

 Ramón Bares, 6 Telf 986 32 21 42 -BUEU

BAR ROGA VIVA
 Tapas variadas y vinos del país
 Montemogos, 143 BELUSO
 Tfno 986 32 10 89 BUEU

Bar
"As Lagoas"
Telf. 986 328 542 Vilariño Cangas

AGRO BELUSO

 PIENSOS SEMILLAS
 ABONOS POLLOS
 CEREALES ETC.
 C/ Montemogos, 154 Tel 986 32 40 19 BELUSO

Alberto Bundi e a Turma Angologalega

- música afro-galega -

José Alberto López, máis coñecido como "Alberto Bundi" chega a Europa procedente de Angola a principios da década dos noventa. Despois de percorrer Portugal coa súa voz e guitarra segue a súa andaina cara o norte e establécese en Vigo. Durante esta estancia coñece aos membros do grupo musical "Os Papaqueixos", e ese mesmo día gravan a súa primeira maqueta.



Deste encontro xorde "Alberto Bundi e a Turma Angolo-Galega". Turma significa "cuadrilla", senté que se reuni para a festa. O nome é axeitado, xa que os concertos desta formación rematan sempre co público entregado ás ganas de se divertir ("Alegria sim, Tristeza não!") e de bailar toda a noite, cegando a mayor parte das veces até as 3 e 4 da mañá sen parar de sambear, tocar reage ou ritmos africanos. As letras das cancións combinan denuncia da situación que está a sofrer Angola co optimismo e as ganas de vivir, como forma de resistencia ante a traxedia do seu povo.

No ano 2001 chega unha revolución musical á banda. Da formación primixenia ficaron Manuel Montero, tocador da frauta traveseira, e Antóm días no baixo eléctrico. A transición do folc ás outras músicas chegadasdo sul foi veloz e deu resultados orixinais: puxeron os cimentos do son da Turma.

FRUTAS
CESTAY s.l
Rosalia de Castro Banda del Río

Buen.
C. Veterinaria
ALFONSO CASTELAO, 30
BUEU PONTEVEDRA
TELF. : 986 324 120

O LANBEIRO DO VIÑO
TAPAS E VIÑOS DO PAIS
Eduardo Vincenti, 55
Telf. 986 320 712 Bueu
Tintorería NOEN
c/ Caniveiros, 10
Telf. 986 323 282

A RAIÑA LUPA
MÚSICAS DA TERRA
Tel. 986 672 439
CURRA, 41
SAN ADRIAN DE
COBRES

Burger
OBELIX
Redondela, 8 Cangas


Houbo rebumbio e chegou ao grupo Pedrito "Chocolatito de Elvinha", aportando arranxos reages de guitarra eléctrica e pincladas flamencas coa española. Esta fusión callou de forma orixinal e sorprendente coas melodías de influencia celta da frauta.

Da man de Pedro arrivou Fernando Lamas, que viña de tocar a batería en grupos de rock, blues e funk. A última fichaxe é Ángel "Angelillo", con experiencia en bandas veteranas ou cantando en diversas corais galegas. A súa labor no grupo consiste en apoiar o frenético ritmo da banda coas percusións e tam'ne en empastar o seu traballo de coros coas voces africanas de Alberto.

A traxectoria deste grupo foi meteórica, que pasaron de tocar nas rúas de Coruña a tocar xunto con **MANU CHAO** no concerto que este último ofreceu na Galiza (Lugo) diante de case 15.000 persoas, compartindo cartel con grupos como **OS CEMPÉS**, **OSKORRI** ou **DUSMINGUET**, deixando tamén unha impronta no programa musical LUAR, da T.V.G.

A formación da banda ven sendo:

- **Alberto "Bundi":** Guitarra acústica e voz.
- **Pedro Constela:** Guitarras española e eléctrica.
- **Manuel Montero:** Frauta traveseira.
- **Fernando Lamas:** Batería e percusión.
- **Angel San Luís:** Voz e percusión.
- **Antóm Días:** Baixo eléctrico



PUB ROROS
Cangas

FAROL
Montero Ríos, 207 986- 32 19 21 - BUEU

CHURRASCO SOL Y MAR
se atienden encargos
Costa Figueiron Beluso
Tfno 986 32 12 61

Río Bravo

- música rock -

Este grupo chegado da Alemaña (Kiel, ao norte de Hamburgo) nun camión de bombeiros de 1966, é unha das sensacións que percorren Galiza durante o verán. Este camión lles serve de medio de transporte, hotel e local de ensaio, e que, en realidade é o sexto membro da banda.


A súa formación é inestable por natureza, xa que os seus compoñentes teñen unha procedencia do máis diversa. Hai músicos profesionais, parados e, como non, un mecánico; pero todos están unidos por dúas paixóns: a cervexa e a música dos anos cincuenta e sesenta.

Os seus directos son unha descarga constante de enerxía. Alternan versións de Chuck Berry, Sonics, Little Richar ou dos Stones con composicións propias.

Río Bravo tomou o seu nome da marca de zumo que había sobre a mesa cando o grupo decidiu xuntarse.

Din añorar a vida dos músicos de hai tres décadas: tocar cada noite, salir de xira sen saber moi ben donde, e facer música sucia pero, iso si, vestirse limpos. En escena, os cinco músicos lucen impecable camisa branca con cuellos almidonados e riguroso traxe negro.

Non desprecian ningún dos tres elementos que asocian sexo, drogas e rock and roll.



CALZADOS

Riobó

ZAPATOS
BOLSOS
COMPLEMENTOS

Pazos Fontenla 36
Telf.: 986 32 02 67

Allianz 


Santaclara 1940, S.L.
Sociedad de Agencias de Seguros

Pazos Fontenla, 25 36930 BUEU-Pontevedra
Tel 986 32 00 26 Fax 986 32 32 37
E-mail: luis.santaclara.pa@allianz.es

HAMBURGUESERÍA

SWEET 

Ramón Bares, 10 Bueu 



Forman Río Bravo:

*Bruno: Guitarra, voz.
Ron: Guitarra.
Diamond: Baixo.
Le Tuchy: Batería.
Neister: Saxo.*



ARTIGAL

CARPINTERÍA EN GENERAL
PUERTAS - PASAMANDOS
PISOS - ESCALERAS, ETC
MUEBLES DE COCINA Y BAÑO

Montero Ríos 197
986 322 000

36930 Bueu
Pontevedra

Super Skunk

- música crossover -

Recoñecidos pola prensa e o público como un dos grupos de maior proxección, Super Skunk, tien ás súas espaldas una brillante traxectoria musical e máis de 200 conciertos.

A banda fórmase no 1995, e ese mesmo ano gañan diversos premios como o "Villa de Madrid", ou o premio de Sgae á mellor canción.

Pero non será até 1996 cando graven o seu primeiro disco, que lles levará de xira por toda a xeografía española.

En 1998, gravan o seu segundo disco (Planeta Azul), que sae á luz baixo o recén nacido selo discográfico Loli Jackson, selo creado polas irmás Llanos do grupo Dover. Este segundo disco, é por fin, a confirmación do grupo ante un público cada vez maior, e ante a prensa, tendo críticas inmejorables. Este traballo se presenta por primeira vez no *Festimad 99*.

Se hai un ano que marca a traxectoria de Super Skunk, este é 1999. Son invitados ás xiras estatais de *Molotov* e *Fishbone*, comparten escenarios con grupos da talla de *Dover*, *Metallica*, *Skunk Anansie*, *Beck*, *Iggy Pop*, e un longo etcétera de bandas internacionais de sobrado prestixio. Gracias a estos conciertos, o grupo chega a un público masivo que o acolle con entusiasmo.

Ese mesmo ano, varios temas de Super Skunk son incluídos en dúas bandas sonoras de películas españolas: *Shacky Carmine* e *O Corazón del Guerrero*.

Xa no 2000, o grupo actúa en practicamente todos os festivais estatais: *Actual*, *Doctor Music*, *Socarrat*...e de novo chegan excelentes críticas e unha calurosa acollida por parte do público.



A canción "Dos", extraída do seu álbum "Planeta Azul", entra nas listas radiofónicas máis importantes do estado: 40 Principales, Cadena 100, Radio 3; e o vídeo do sei segundo single "Luz", permanece 5 semanas na lista de MTV gracias aos votos dos telespectadores.

2001. Novo disco de Super Skunk (Sea como sea), de novo co selo Loli Jackson e Daniel Alcover como encargado da produción. Repítese a presentación do disco nun festival, esta vez no Viñarock, ante 20.000 persoas.

Comenzan unha extensa xira entre os meses de novembro e decembro de 2001 e en practicamente todas as cidades que visitan, conseguen encher as salas, cientos de persoas coñecen xa as súas cancións.

Han sido elegidos por Cadena 100 como único grupo invitado a la primera fiesta de la cadena en Madrid.

Esperemos pois, que, como alguén escribiu tras un dos seus concertos: "o efecto Super Skunk se extenda e cheguen ao máis alto da escena estatal do rock".




frutería
IRUA NOVA

Edificio Fisan Telf. 986 32 24 86 Beluso-Bueu

CARPINTERIA

A. T. B.

Pazos Fontenla, 70
Tels. 986 324 408
Móvil 679 484 890

Bueu
Pontevedra

COCINAS
ARMARIOS
EMPOTRADOS
TARIMAS
PASAMANOS
PUERTAS

COMERCIAL
CASALEIRO

AUTOSERVICIO
Y PANADERIA
GUERRA

Telf 986 32 01 15 - Beluso

SURTIDOR DE GASOLEO

BUEU


Campsa

c/ Montero Ríos (frente praza abastos)

Agredecementos

Xa como remate, queremos agradecer a colaboración desinteresada (máis ou menos) de moitas persoas, colectivos, empresas, etc., que fixeron que esta costa non fora tan empinada (case pareceu unha costa abaixo).

A **LEIRO**, por ser como un pai para nós, xa que contamos contigo para todo e aínda máis. Moitas, moitísimas gracias. A **Teresa e Benigno**, por deixar despertar co son do mar a moitos artistas. A **Xabi Framil**, porque si. A **Guille**, pola súa gran imaxinación creativa. A **Xabi Castro e Silvia Loira** (desta si que sabemos o apelido), por costume. Á xente do **Aturuxo, Zappa, Furrugio, a Rafa o de Meiro**, e demais bares que axudan a que baixen rapidamente as caixas das camisetas (e chisqueiros). Desta vez si vai en serio os agradecementos ao **Concello de Bueu**, especialmente a **Freire**, polo interese que mostra. A **Lidia e Jorge**, pola sardiñada. A **Jose Porto**, por facer horas extras no traballo. A **Toño**, porque xa debe estar aburrido do libro. Á **Coral Polifónica de Beluso**, por cantar de balde por nós. A **Berto**, como tira esa moça, eh? A **Lupo**, por amoldarse a nós. A todos os cantautores (**Gustavo Almeida, Pablo Costas, Tino Baz, Raúl, Iván, Marco e Peter**) polo arte que teñen enriba do escenario. A **Clara**, polos capachos de aghua. A **Pichu, Aurora e María Xosé**, polo artistas que son. A todos os que nos prestan a súa axuda anunciándose neste libro. A **Susana e a Curro**, por aforrarnos o esforzo intelectual. Aos **Peneques**, por seghir promosionándonos ghratis. Ás nosas familias. A **Nuria**, polas ampollas. **Anita e Bas** polo esforzo. A toda a xente que pasou (ou non) pola “*Casa da Praia*”, polas ideas. A **Pepe, Tere, Javier, Nina e Ángeles** pola axuda. A **Luis e Toño**, eses managers! A todos os grupos que agantan o noso ataque.

Permítannos poñer este agradecemento moi especial en castelán: “*A La Cabra Mecánica, por acordarse de nosotros aún siendo famosos. Teneis mucha culpa de que sigamos dando guerra. Sois estupendos*”. E como non, a **Bea e a toda a súa familia**. Ánimo! Tamén moitas gracias á xente que se nos olvida por nomear e a todo aquel que se sinta aludido e que lle teñamos algo que agradecer.

A todos (nomeados e non nomeados), gracias de corazón



PANADERIA
Freire
N.º 2.161.02-3
Freire
TELEF. 986 32 04 14 - 986 32 26 08
CELA TORRE
BUEU
(PONTEVEDRA)

RESTAURANTE
ESTRELLA

BOGAVANTE CON ARROZ
“Una delicia para los más entendidos”
ESPECIALIDAD EN: Rodaballo guisado
Almejas e le marisqueo
Xoán Carballeira, 6 Telf 986 32 06 75 Bueu


PLAYA DE BELUSO
RESTAURANTE
Telf 986 32 07 92
Praia de Beluso - Bueu

BAR

O NOVO CRUCE



Rúa Nova de Arriba BELUSO